



R renova a imaxe exterior do seu edificio máis emblemático instalando un enorme vinilo que ocupa os tres últimos andares do inmoble coruñés

Vacas voadoras sobrevoan a fachada de R para soñar a era “voemos” do operador galego

- ***A axencia autóctona Imaxe encargouse do deseño deste vinilo vacún, que evoca a visión onírica dunha decena de frisoas entre as nubes, rodeando un gran R.***

Mércores, 11 de setembro de 2024.- Dende hoxe, a fachada do icónico edificio de **R** en pleno corazón da Coruña loce un aspecto renovado, cun grupo de vacas aladas que rodean o gran **R** corporativo do operador galego de telecomunicacións. A imaxe reforza ese convite a soñar e imaxinar polo que **R** se situou como marca, defendendo unha nova era chea de posibilidades para fábulas rompedoras e ideas alternativas.

Todo iso, condensado nun vinilo que ocupa as plantas sétima, oitava e novena do inmoble coruñés de **R** fronte ao Obelisco da Coruña, lugar estratéxico que lles permite aos/ás viandantes divisar as ás das vacas case que dende a rúa Linares Rivas, uns 800 metros atrás.


Deseño, rotulación e instalación 100 % do país

O deseño creativo do vinilo leva o selo de **Imaxe Intermedia**, a axencia de publicidade galega que plasmou en preto de 500 metros cadrados de vinilo microperforado esa visión onírica das vacas voando felices sobre a fachada de **R**. O material resulta idóneo para minorar ou regular o impacto dos raios solares, ao permitir sempre a entrada de luz natural ás oficinas do inmoble sen prexuízo da visión do exterior dende o seu interior.

A impresión e instalación do vinilo, executadas pola empresa **Mástil rotulación**, tamén autóctona 100% e con máis de 20 anos no sector, durou algo máis do previsto porque o avance dos traballos requiría condicións meteorolóxicas de certa bonanza, algo nunca totalmente garantido —nin sequera no verán— en terras galegas.

As tarefas máis complexas esixiron a mobilización dunha infraestrutura móbil dende a azotea do edificio e xa remataron, co que tanto residentes como os/as turistas que se acheguen á cidade neste final de verán e en adiante poderán abraiar igualmente coa fantasía das vacas voadoras de **R**.

En suma, a proposta convídanos de novo a voar (*Voemos*) con **R** e as súas frisoas aladas nun presente onde se imaxina, se crea e se fabula... e onde se vive tamén a promesa dese futuro para seguirmos imaxinando, creando e fabulando. Compartindo. Conectándonos.



comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal